

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

**8013** *Real decreto 517/2013, do 5 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 846/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as condicións que deben cumprir as materias primas a base de materiais poliméricos reciclados para a súa utilización en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos.*

O Real decreto 846/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as condicións que deben cumprir as materias primas a base de materiais poliméricos reciclados para a súa utilización en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos, dispón, de maneira transitoria, as condicións que deben cumprir as materias primas a base de polietilentereftalato (PET) reciclado obtido en España para a súa utilización en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto cos alimentos, ata que se adopten as decisións comunitarias previstas no número 6 do artigo 13 de Regulamento (CE) n.º 282/2008 da Comisión, do 27 de marzo de 2008, sobre os materiais e obxectos de plástico reciclado destinados a entrar en contacto con alimentos, e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 2023/2006.

O Real decreto 846/2011, do 17 de xuño, restrinxo o uso do PET reciclado á fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto con augas de bebida envasadas, tal e como se definen no Real decreto 1798/2010, do 30 de decembro, polo que se regula a explotación e comercialización de augas minerais naturais e augas de manancial envasadas para consumo humano, e no Real decreto 1799/2010, do 30 de decembro, polo que se regula o proceso de elaboración e comercialización de augas preparadas envasadas para o consumo humano.

Así mesmo, o Real decreto 846/2011, do 17 de xuño, establece as condicións que deben cumprir o resto de materias primas a base de materiais poliméricos reciclados para a súa utilización en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos ata que se regulen no ámbito comunitario ou nacional.

A Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA) está avaliando a seguridade dos procesos de reciclaxe presentados polos solicitantes con base no procedemento previsto no Regulamento (CE) n.º 282/2008 da Comisión, do 27 de marzo de 2008, e prevese que este proceso finalice máis alá do ano 2013, coa publicación dunha lista positiva destes. Ante esta situación, a Asociación Nacional de Fabricantes de Bebidas Refrescantes Analcohólicas (Anfabra) presentou unha solicitude para ampliar o ámbito de aplicación do Real decreto 846/2011, do 17 de xuño, ás bebidas refrescantes.

Esta situación deuse tamén noutros países do noso contorno, que elaboraron disposicións aplicables durante este período transitorio. Estas excepcións foron concedidas a materiais fabricados con polietilentereftalato (PET) reciclado para o seu uso en bebidas non alcohólicas.

Por tanto, o obxecto deste real decreto é ampliar a autorización de comercialización e uso de materias primas a base de polietilentereftalato (PET) reciclado obtido en España a aqueles materiais e obxectos de plástico destinados a entrar en contacto con bebidas refrescantes.

Este real decreto someteuse ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora esta directiva ao ordenamento xurídico español.

Na súa tramitación foron oídas as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla, os sectores afectados e o Consello de Consumidores e Usuarios, e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de xullo de 2013,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 846/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as condicións que deben cumprir as materias primas a base de materiais poliméricos reciclados para a súa utilización en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos.*

Substitúese o artigo 2 do Real decreto 846/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as condicións que deben cumprir as materias primas a base de materiais poliméricos reciclados para a súa utilización en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos, polo texto seguinte:

*«Artigo 2. Condicións para a comercialización e o uso das materias primas a base de polietilentereftalato (PET) reciclado obtido en España.*

Autorízase a comercialización e o uso de materias primas a base de polietilentereftalato (PET) reciclado obtido en España para a súa utilización en materiais e obxectos de plástico destinados a entrar en contacto con augas de bebida envasadas, tal e como se definen no Real decreto 1798/2010, do 30 de decembro, polo que se regula a explotación e comercialización de augas minerais naturais e augas de manancial envasadas para consumo humano, e no Real decreto 1799/2010, do 30 de decembro, polo que se regula o proceso de elaboración e comercialización de augas preparadas envasadas para o consumo humano; e con bebidas refrescantes, tal e como se definen no Real decreto 650/2011, do 9 de maio, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria en materia de bebidas refrescantes, sempre e cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Que o responsable do proceso de reciclaxe presentase unha solicitude válida á Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA), de acordo co previsto no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 282/2008 da Comisión, do 27 de marzo de 2008, sobre os materiais e obxectos de plástico reciclado destinados a entrar en contacto con alimentos, e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 2023/2006.

b) Que o responsable do proceso de reciclaxe garanta que o PET cumpre coas condicións establecidas no artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1935/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de outubro de 2004, sobre os materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos, e polo que se derrogan as directivas 80/590/CEE e 89/109/CEE; e no artigo 4.e) do Regulamento (CE) n.º 282/2008, da Comisión, do 27 de marzo de 2008.

c) Que os envases finais conteñan, polo menos, un 50% de PET virxe.

d) Que os fabricantes dos envases que utilicen como materia prima PET reciclado notificasen ás autoridades sanitarias competentes da comunidade autónoma onde estea situada a industria o uso deste material, para facilitar o seu control oficial.

Todo isto sen prexuízo da obriga que teñen os operadores de cumprir coas condicións establecidas no Regulamento (CE) n.º 2023/2006 da Comisión, do 22 de decembro de 2006, sobre boas prácticas de fabricación de materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de xullo de 2013.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,  
ANA MATO ADROVER